



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 19 DE AGOSTO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:20 horas do día 19 de agosto de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 17-08-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

- D. Xesús Costas Abreu.
- Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.
- D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.
- D. Jesús Nuñez Torrón. (asiste ao apartado 2 a) e 3 a))
- D. Belén Alvarez Soaje (asiste ao apartado 4a), 5 a) e 6 a))

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión do 20.07.2016.**

Deixase pendiente a aprobación da acta para outra sesión por falta de quorum.

b) **Acta da sesión do 10.08.2016**

Deixase pendiente a aprobación da acta para outra sesión por falta de quorum.

c) **Acta da sesión do 11.08.2016**

Deixase pendiente a aprobación da acta para outra sesión por falta de quorum.

2.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marques de Valterra nº 6 (120763-301).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores relacionados a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

1. CRUZ ROJA ESPAÑOLA
2. CLECE, S.A. (terá que declarar si algunha das empresas do grupo empresarial ao que pertencen se presentan a esta licitación).
3. ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5
4. EMAÚS FUNDACION SOCIAL
5. Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (terá que declarar si algunha das empresas do grupo empresarial ao que pertencen se presentan a esta licitación).

3.- Apertura de documentación Técnica.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marques de Valterra nº 6 (120763-301).

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas.

Asisten ao acto de apertura pública as seguintes persoas:

- Dna. Graciela Fernández Martínez en nome de Cruz Vermella
- Dna. María Juncal Blanco Granado en nome de Emaus Fundación Social
- Dna. Noemí Pérez lozano en nome de Clece, S.A.
- D. José antonio Vilora en nome de Clece, S.A.
- Dna. Soledad Sánchez trijillano en nome de Grupo 5.
- Dna. Ana María Martínez Rodríguez en nome de Grupo %, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4. Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Faise entrega do informe asinado polo técnico de Xestión e a xefa de Area de xestión Patrimonial e Territorial do 10 de agosto de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula e clasificación da oferta presentada.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) .

Faise entrega do informe asinado polo xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns de 12 de agosto de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor das ofertas presentadas.

5.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307).

Acéptase o informe asinado polo técnico de Xestión e a xefa de Area de xestión Patrimonial e Territorial do 10 de agosto de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula e clasificación da oferta presentada.

Acordase así mesmo por unanimidade excluir a oferta presentada por SIFU,S.L., por presentar unha oferta que supera o tipo de licitación.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) .

Deixase pendente este asunto ata unha nova sesión da Mesa para que o xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns informe a Mea sobre as posibles exclusións de licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Proposta de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas de interese patrimonial do Concello de Vigo (7889-307).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación de 19 de agosto de 2016 do licitador SIFU,S.L., por presentar unha oferta que supera o tipo de licitación.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

EMPRESA	PUNTUACIÓN REDUCCIÓN PREZO	PUNTUACIÓN INCREMENTO FRECUENCIAS (ZONAS A E B)	PUNTUACIÓN TOTAL
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	60	28,71	88,71
ALTHENIA SL	55,22	27,27	82,49
INGESER ATLÁNTICA, SL/SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN SL (UTE)	48,36	27,91	76,27
ELSAMEX SA	37,97	26,62	64,59
VIVEIROS ADOA SL	54,70	5,54	60,24
CALFENSA PROYECTOS SL	50,30	14,95	65,25
ALVAC SA	29,28	5,39	34,67

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.





CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.000 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

7.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de Vigozoo (7145-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de Vigozoo (7145-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 06 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación do servizo de limpeza de Vigozoo e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Empresas	Puntuación
1	GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL	87,38 puntos
2	LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS, SL	38,36 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 924,80 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 5 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL que presenta a documentación requirida en data 12 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 19 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do RLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GALLEGA DE PROYECTOS Y SERVICIOS, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza de Vigozoo (7145-612) por un prezo de 56.991 euros (IVE engadido) e unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custe para o Concello de 90 horas, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (7760-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (7760-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 06 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación **dos servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (7760-113)** e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL</i>	<i>100 puntos</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 966,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 5 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, *AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL*, que presenta a documentación requirida en data 11 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 19 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse ós licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL*,

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a *AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL*, os **servizos de mantemento e soporte de aplicacións informáticas propiedade do Concello de Vigo (7760-113)** por un prezo de 139.000 euros (IVE engadido), unha baixa única aplicable a cada un dos prezos unitarios previstos no apartado 3 F das FEC do 10% e as seguintes prestacións adicionais:

- Efectuar 80 horas ao ano de programador sen custe para o concello.
- Efectuar 60 horas ao ano de analista programador sen custe para o Concello.
- Efectuar 20 horas ao ano de director de proxecto sen custe para o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 11 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación **do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446)** e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de 29 de xullo de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de 20 de xullo de 2016 de “Excluir a VIVEROS O PIÑEIRO, SL do procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (8566-446) por apartarse substancialmente a súa proposición do modelo recollido no apartado 7B do Anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación, tal e como esixen o artigo 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas e a cláusula 13.5 C do referido prego”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Empresa	Puntos
---------	--------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

1. Jesus Gutierrez.Sierra	100
2. Perica Obras y Servicios, S.A.	88,71
3. Calfensa Proyectos, S.L	86,24
4. Centro Xardinería Carballeira S.L	68,76
5. Arboles de Noroeste,S.L	36,34

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, JESUS GUTIERREZ.SIERRA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 661,90 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 17 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, *JESUS GUTIERREZ.SIERRA,,* que presenta a documentación requirida en data 11 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 19 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *JESUS GUTIERREZ.SIERRA*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a *JESUS GUTIERREZ.SIERRA* o procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (exped 8566-446) por un prezo de 60.000 euros (IVE engadido), unha baixa única aplicable a cada un dos prezos unitarios previstos no PPT do 21%. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:25 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 15:39	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4H-E9E642-83D3AF-K1M7SZ-4NSLG6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		